

ACTIVIDADES PARA 6º A DE LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS. SEMANA DO 1 AO 7 DE XUÑO.

Ola rapaces, cada día bótovos máis de menos!

Como saberedes esta situación segue a ternos afastados. Teño que recordaros que debes : respectar a distancia de seguridade, lavar moito as mans...; e dicir, cumpride con tódolos consellos que nos dan as autoridades, POR VÓS E POLOS DA CASA.


Esta semana é moi importante que:


- Levedes **canto antes** os exercicios que non enviastes ao CEIP PLURILINGÜE DA RIBEIRA.
- Que vaiades preparando **TODO O QUE TEÑADES QUE DEVOLVER: DA BIBLIOTECA, DA AULA, MATERIAL INFORMÁTICO... PRONTO VOS AVISAREMOS PARA QUE O LEVEDES.**


Propóñovos os seguintes retos:


- Realizar un debuxo a partir de círculos ou circunferencias e liñas. Podes usar o compás e a regra, cartabón ou escuadra; pero se non tes bota man de vasos, floreiros, pratos, botes, un pau recto...A composición pode ser un debuxo abstracto ou realista. Seguro que conseguirás efectos impresionantes.
Cando remates, deberás enviarme unha fotografía e explicarme en lingua galega que elementos empregaches para realizar o debuxo, en que te inspiraches, que foi o que realizaches primeiro...Crearei no foro un tema para que todos poidades subir as vosas creacións e disfrutalas.
- En lingua castelá seguiremos coas aventuras de Robin Hood e viviremos aventuras moi emocionantes.
- En matemáticas propóñovos un xogo para que vos divirtades en familia:

O XOGO DO "15"









1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----	----	----	----	----	----

*- Cada xogador coloca unha ficha por turno na casinha que queira.
- En cada casinha non pode haber máis dunha ficha.
- O primeiro que coloque 3 das súas fichas en 3 casinhas que sumen 15 gaña a partida.*

As actividades de cada área tédelas na plataforma E-Dixgal, nun novo bloque **que se titula: “Tarefas para a semana do 1 ao 7 de xuño”**. Aparecen organizadas por días para axudarnos a distribuír o traballo.

Tedes os foros de cada semana para preguntar as dúbidas e lembre os meus correos por si queredes poñervos en contacto comigo ou enviar algunhas das actividades (por exemplo os vídeos que poden pesar máis): m.mar.lorenzo.nunez@edu.xunta.es e marribeira@gmail.com. **E debaixo dos foros hai sempre un documento que explica as actividades de cada semana: Tarefas (no que explico todo o que hai que realizar, polo que é moi importante lelo antes de comezar).**

Tamén tedes unha carpeta que se chama 6º sinxelos, por si non sodes capaces de realizar as actividades que vos colguei en E-Dixgal.

O alumno que está exento de galego, ten que lembrar que se non é quen de realizar as actividades propostas, ten un curso en E-Dixgal especificamente creado para el, con actividades para que practique.

Lembre que en todas as áreas tedes fichas e enlaces a actividades de distinta dificultade.

Tamén quero que esta semana entredes nas actividades que me enviastes, leades as correccións con detemento e volvades a envialas no caso de que volo solicite.

APROVEITA ESTE TEMPO PARA MELLORAR, É O TEU TRABALLO (EU AXÚDOTE).

Importante: realizade as actividades das semanas pasadas antes de pasar ás desta.

O que non saibades PREGUNTÁDEMO polos foros ou correo.

Xa falei con todos vós por teléfono, abalar móbil, whatsapp e a plataforma, polo que respecta ás actividades que debedes realizar en tódalas áreas e, en concreto, das que vos imparto eu.

Si alguén ten dificultades para realizar as actividades que propoño para cada semana lembre que tedes actividades de reforzo na primeira entrega de tarefas. Viravos moi ben aos que non superastes as áreas e para todos supón un bo reforzo .

Lémbrovos que o departamento de orientación e a mestra de PROA poñen a vosa disposición na web do centro actividades de reforzo.

XA FALTA MENOS PARA ESTAR TODOS XUNTOS.